ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

**FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA**
**PU23021**

## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso monográfico COVID-19 e dereito público: ensinanzas para o futuro

**CONVOCATORIA:** Curso monográfico COVID-19 e dereito público: ensinanzas para o futuro

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **CUALIFICACIÓN:** | ASISTENCIA | **PLAN:** | FONDOS EGAP | **HORAS:** | 10 |
| **ADMINISTRACIÓN:** | AU\|LO\|UN\|ES\|CI\|XU | **ESTADO:** | CONVOCADO | **ANO:** | 2023 |
| **MOD.IMPARTICIÓN:** | PRESENCIAL | **TIPOLOXÍA:** | C.MONOGRÁFICO | **EDICIÓNS:** | 1 |

**DATA MATRÍCULA:** Do 08/05/2023 - 09:00h ao 21/05/2023 - 23:59h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

O curso monográfico COVID-19 e dereito público: ensinanzas para o futuro pretende afondar, desde a perspectiva do dereito público, nas diferentes medidas xurídico-administrativas adoptadas para afrontar a situación de emerxencia ocasionada polo gromo epidémico da COVID-19 co obxecto de mellorar a resposta fronte a futuras crises. En concreto, perséguense estes obxectivos:

• Abordar as consecuencias xurídico-administrativas da pandemia, baseándose nas disposicións e medidas adoptadas, entre as que destacan o decreto de estado de alarma, a restrición de dereitos e liberdades e a adaptación da actividade contractual á situación de emerxencia. Neste ámbito, estudaranse casos de responsabilidade patrimonial da Administración ante danos sufridos, así como a coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas no marco dun Estado descentralizado con distribución de competencias.

• Analizar o papel de certas institucións durante a crise sanitaria.

### DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, da Administración local, da Administración de xustiza, das universidades do Sistema universitario de Galicia, así como profesionais e persoas interesadas en xeral.

### PROGRAMA

Os temas que se abordarán neste curso monográfico serán os seguintes:
• COVID-19 e Parlamento.
• COVID-19 e competencias estatais e autonómicas.
• COVID-19 e contratación pública.
• COVID-19 e responsabilidade patrimonial da Administración.
• COVID-19 e Administración de xustiza.
• O Tribunal Constitucional ante a COVID-19.
• O desenvolvemento do artigo 116 da Constitución española.
• A potestade sancionadora durante a crise provocada pola COVID-19.

| CRITERIOS DE SELECCIÓN |
|---|
| A orde de selección virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas. |
| **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS** |
| - As solicitudes de participación nesta actividade formativa só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <https://egap.xunta.gal/matricula>.<br><br>- Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo co requirido e establecido na<br>base terceira da convocatoria DOG respecto das persoas destinatarias.<br><br>- As persoas interesadas deberán seleccionar, primeiro, a área en que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e, despois, seleccionar en nome do curso: curso monográfico COVID-19 e dereito público: ensinanzas para o futuro.<br><br>- A inscrición estará aberta dende ás 9:00 horas do 8 de maio ata as 23:59 h. do 21 de maio de 2023. |

## 3. DATOS EDICIÓNS

| SANTIAGO | | |
|---|---|---|
| **LOCALIDADE:** Santiago de Compostela | | **INICIO / FIN:** 25/05/2023 a 26/05/2023 |
| **NUM. PRAZAS:** 286 | **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) | **DATA EXAME:** |
| **DOCENTES NOMEADOS** | | |
| Juan José Lavilla Rubira<br>IGNACIO ESTEBAN ASTARLOA HUARTE MENDICOA<br>CARMEN MARÍA SALGUEIRO MOREIRA<br>MERCEDES FUERTES LOPEZ<br>FEDERICO DE MONTALVO JAASKELAINEN<br>FRANCISCO JAVIER PUEYO CALLEJA | | |
| **LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME** | | |
| **SALON DE ACTOS:** O día 25 de maio de 11:30 a 14:30. O día 25 de maio de 17:00 a 18:30. O día 26 de maio de 10:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA | | |